Marco Frisina

en concerto

Auditorio de Galicia

22 DIC

20:30

Estrea absoluta

Misa na honra do Apóstolo Santiago

Real Filharmonía de Galicia

Orfeón Terra a Nosa

Escolanía da Catedral

Schola Antiqua

DIRECTOR

MARCO FRISINA

Orfeón Terra a Nosa, director: Mateo Iglesias
Escolanía da Catedral, director: José Luis Vázquez
Schola Antiqua, director: Juan Carlos Asensio
Mezzosoprano: Dolores Pampín
Tenor: Chema Ares
Órgano: Adrián Regueiro
Real Filharmonía de Galicia

PROGRAMA

I. Marco Frisina:
Misa na honra do Apóstolo Santiago
(estrea absoluta)

II. Marco Frisina:
Pacem in Terris / Anima Christi / La via dei martiri
Nada te turbe / O magnum mysterium / Paradiso, Paradiso

Auditorio de Galicia, 22 de decembro de 2022

PARTE I

MISA NA HONRA DO APÓSTOLO SANTIAGO
(ESTREA ABSOLUTA)

A *Misa na honra do Apóstolo Santiago* foi encargada pola Fundación Catedral para este ano santo compostelán ao compositor italiano Marco Frisina.

Esta *Misa* foi escrita para coro mixto, voces brancas, schola gregoriana, órgano e orquestra. Por cuestións técnicas e de espazo, o día 25 de xullo de 2022, solemnidade do Apóstolo Santiago, interpretouse nunha versión reducida para coro, voces brancas, solista e órgano. Así, adiouse a estrea absoluta con orquestra para este concerto extraordinario que ten lugar a piques de clausurar o ano santo.

Baixo a dirección de Mons. Marco Frisina estará o Orfeón Terra a Nosa, de Santiago de Compostela, a Escolanía da Catedral de Santiago e Schola Antiqua, acompañados ao órgano por Adrián Regueiro, organista da Catedral, e pola Real Filharmonía de Galicia.

1. DISCANTUS - CUNCTIPOTENS GENITUR DEUS (Motete no Pórtico da Gloria)

Esta peza está baseada nun antigo *discantus* construído sobre a melodía gregoriana *Cunctipotens genitor Deus*. O *discantus* é un xénero arcaico de polifonía empregado dende o século IX ata o XI no que as partes só cantan consonancias perfectas. O efecto xeral é de gran solemnidade e adáptase ben á festa do Apóstolo, e tamén ás formas románicas da antiga Catedral de Santiago. A letra é unha invocación a Trindade Santa (Pai, Fillo e Espírito Santo). O motete interprétase no Pórtico da Gloria, onde conflúen a procesión civil e relixiosa. Alí o arcebispo de Santiago mostra a súa acollida a S.M. o rei.



Tropo do kyrie *Cunctipotens genitor Deus*
Codex Calixtinus
fol. 219r
fin. s. XII
Música manuscrita
Arquivo da Catedral de Santiago

Cunctipotens genitor Deus,
omni Creator, eleison.

Christe, Dei splendor,
virtus Patrisque sophia, eleison.

Amborum sacrum spiramen,
nexus amorque, eleison

Deus, Pai todopoderoso,
creador de todas as cousas, ten piedade.

Cristo, esplendor de Deus,
virtude e sabedoría do Pai, ten piedade.

Alento sacro [Espírito Santo],
unión e amor entre ambos, ten piedade.

2. HIMNO AO APÓSTOLO SANTIAGO (Canto para a procesión de entrada)

Finalizado o motete, comeza a procesión da celebración litúrxica para a cal se compuxo este *Himno ao Apóstolo*, inspirado nos textos dos antigos himnos latinos, ordenando nas 6 estrofas as principais características do Apóstolo e do santuario de Compostela, cuxas portas están sempre abertas aos homes e mulleres que buscan o perdón. O retrouso do himno lémbranos o martirio que santificou o Apóstolo, a primeira testemuña, co seu sangue, da fe de Cristo. A música é solemne e gozosa, como corresponde ao canto de entrada de tan solemne celebración e a tan importante e querido apóstolo.

Santiago, Apóstol del Señor,
testigo de Cristo,
tú eres guía y auxilio de aquellos
que confían en ti.

Dios, Padre y Rey del mundo entero,
distribuyendo las naciones
escogió a Santiago
patrón de toda España.

Primero entre los Apóstoles,
martirizado en Jerusalén,
el insigne Santiago
fue santificado en su martirio.

Benditos los pies de aquellos que vienen
para anunciar la paz de Cristo.
Él envía a los que anuncian su voz,
grito del Verbo.

Ofrece a los hombres, como una luz,
ejemplo de amor y de entrega,
un camino de esperanza
y fe verdadera.

Primero entre los Apóstoles,
martirizado en Jerusalén,
el insigne Santiago
fue santificado en su martirio.

Las puertas se abren con alegría
llamando a los pecadores.
La gracia llenará el corazón
de los que se conviertan.

Al Padre creador la gloria eterna,
al Hijo que salva al mundo,
y al Espíritu Santo
nuestra alabanza.

Primero entre los Apóstoles,
martirizado en Jerusalén,
el insigne Santiago
fue santificado en su martirio.

Herru Sanctiagu, Got Sanctiagu,
E ultreia e suseia Deus adiuvanos. Amén.

3. KYRIE ELEISON

As partes do Ordinario da Misa (Kyrie, Gloria, Credo, Sanctus e Agnus Dei) están compostas en diálogo empregando a melodía da *Missa IV* gregoriana *Cunctipotens genitor Deus* e a polifonía contemporánea. O kyrie ten un carácter fortemente contemplativo: ante a maxestade divina, os crentes levantan as súas intensas invocacións pedindo misericordia a Deus Todopoderoso. A Tradición conservou esta aclamación cristolóxica en grego.

Kyrie eleison.	*Señor, ten piedade de nós.*
Christe eleison.	*Cristo, ten piedade de nós.*
Kyrie eleison.	*Señor, ten piedade de nós.*

4. GLORIA

O Gloria, un dos himnos mais antigos da liturxia cristiá, proclama a grandeza da Trindade escollendo como primeiras verbas aquelas que pronunciou o anxo no campo de Belén para anunciar aos pastorciños o nacemento do Mesías, o neno Xesús: "Gloria a Deus no ceo e paz ao seu pobo na terra". No tecido musical xorde continuamente a melodía gregoriana do gloria da *Missa IV*.

Gloria in excelsis Deo	*Gloria a Deus no ceo e*
Et in terra pax hominibus	*paz na terra aos homes*
bonae voluntatis.	*de boa vontade.*
Laudamus te,	*Louvámoste,*
benedicimus te,	*bendicímoste,*
adoramus te,	*adorámoste,*
glorificamus te,	*glorificámoste*
gratias agimus tibi	*e dámosche grazas*
propter magnam gloriam tuam.	*pola túa inmensa gloria.*
Domine Deus, Rex caelestis,	*Señor Deus, Rei do ceo,*
Deus Pater omnipotens,	*Deus Pai omnipotente,*
Domine Fili unigenite Jesu Christe,	*Señor, fillo único, Xesucristo,*
Domine Deus, Agnus Dei, Filius Patris.	*Señor Deus, Año de Deus, Fillo do Pai*
Qui tollis peccata mundi,	*Ti que quitas o pecado do mundo,*
miserere nobis.	*ten piedade de nós.*
Qui tollis peccata mundi,	*Ti que quitas o pecado do mundo,*
suscipe deprecationem nostram.	*escoita a nosa oración.*
Qui sedes ad dexteram Patris,	*Ti que estás á dereita do Pai,*
miserere nobis.	*ten piedade de nós.*
Quoniam tu solus sanctus,	*Porque Ti es o único Santo,*
Tu solus Dominus,	*Ti o único Señor*
Tu solus altissimus, Jesu Christe.	*Ti o único Altísimo, Xesucristo.*
Cum Sancto Spiritu	*Co Espírito Santo*
in gloria Dei Patris. Amen.	*na gloria de Deus Pai Amén.*

5. SALMO RESPONSORIAL

O salmo responsorial recibe este nome porque ven sendo a resposta a primeira lectura. Cada celebración ten un dos cento cincuenta salmos que contén o salterio. Neste caso trátase dos salmo 66 que proclama solemnemente o plan universal de salvación e invita a toda a terra a loar o Señor, o noso Salvador.

Oh, Dios, que te alaben los pueblos,
que todos los pueblos te alaben.

El Señor tenga piedad y nos bendiga
ilumine su rostro sobre nosotros;
conozca la tierra tus caminos,
todos los pueblos tu salvación.

Que canten de alegría las naciones,
porque riges el mundo con justicia
y gobiernas las naciones de la tierra.

La tierra ha dado su fruto,
nos bendice el Señor nuestro Dios.
Que Dios tenga piedad y nos bendiga,
que le teman todos los confines de la tierra.

6. ALELUIA E VERSÍCULO DO EVANXEO

O aleluia é a aclamación festiva de todo o pobo de Deus pola resurrección de Xesús. Con este canto a asemblea e o coro preparan o corazón e agardan á Palabra viva de Deus que vai ser proclamada. A Tradición conservou a palabra hebrea (aleluia) polo seu profundo significado. O versículo, paradoxalmente, é un dos poucos exemplos da liturxia que non vén escollido da Sagrada Escritura, senón que forma parta da tradición litúrxica. A música propicia un momento de contemplación gozosa do misterio da graza que Deus revelou en Santiago, a "estrela resplandecente de España" e de toda a Igrexa, en contraposición coa alegría exultante da aclamación aleluiática.

Aleluya, aleluya, aleluya.

Astro brillante de España, Apóstol Santiago,
tu cuerpo descansa en la paz,
tu gloria pervive entre nosotros.

7. CREDO III EN GREGORIANO CO "ET INCARNATUS" EN POLIFONÍA

No seo do *Credo III* gregoriano introdúcese unha paréntese contemplativa na que o coro nos invita a que nos deixemos abraiar co misterio da Encarnación. Todo se detén e queda iluminado pola luz sobrenatural do misterio divino de Deus feito home para nós.

Credo in unum Deum,	*Creo nun só Deus,*
Patrem omnipotentem,	*Pai todopoderoso*
factorem caeli et terrae,	*creador do ceo e mais da Terra,*
visibilium ominum et invisibilium.	*do visible e do invisible.*
Et in unum Dominum Iesum Christum	*Creo nun so Señor Xesuscristo,*
Filium Dei unigenitum.	*Fillo único de Deus,*
Et ex Patre natum ante omnia saecula.	*nado do Pai antes de todos os séculos:*
Deum de Deo, lumen de lumine,	*Deus de Deus, luz de luz,*
Deum verum de Deo vero.	*Deus verdadeiro de Deus verdadeiro,*
Genitum, non factum,	*xerado non creado,*
consubstantialem Patri:	*da mesma natureza do Pai*
per quem omnia facta sunt.	*por quen todo foi feito,*
Qui propter nos homines	*que por nós os homes*
et propter nostram salutem	*e pola nosa salvación*
descendit de caelis	*baixou do ceo,*
Et incarnatus est de Spiritu Sancto	*e por obra do Espírito Santo se encarnou*
ex Maria Virgine et homo factus est.	*de María Virxe, e se fixo home;*
Crucifixus etiam pro nobis:	*e por nos foi crucificado, en tempo de*
sub Pontio Pilato passus et sepultus est.	*Poncio Pilato morreu e foi sepultado,*
Et resurréxit tértia die,	*e resucitou ao terceiro día,*
secundum scripturas.	*segundo as escrituras,*
Et ascendit in caelum:	*e subiu ao ceo*
sedet ad dextram Patris.	*e está sentado á dereita do Pai;*
Et iterum venturus est cum gloria	*e de novo virá con gloria*
iudicare vivos et mortuos:	*para xulgar os vivos e os mortos*
cuius regni non erit finis.	*e o seu reino non terá fin.*
Et in Spiritum Sanctum,	*Creo no Espírito Santo,*
Dominum et vivificantem:	*Señor e dador de vida,*
qui ex Patre et Filioque procedit.	*que procede do Pai e do Fillo,*
Qui cum Patre et Filio	*e co Pai e o Fillo recibe unha*
simul adoratur et conglorificatur;	*mesma adoración e gloria*
qui locutus est per prophetas.	*e que falou polos profetas.*
Et unam sanctam catholicam	*Creo na Igrexa que é unha,*
et apostolicam Ecclesiam.	*santa, católica e apostólica.*
Confiteor unum baptisma	*Confeso que hai un só bautismo*
in remissionem peccatorum.	*para o perdón dos pecados.*
Et exspecto resurrectionem mortuorum.	*Espero a resurrección dos mortos*
Et venturi saeculi.	*e a vida do mundo futuro.*
Amen.	*Amén.*

8. OFFERTORIUM – IOCUNDETUR ET LAETETUR

Para o momento que existe entre a liturxia da Palabra e a liturxia eucarística o compositor propón unha obra instrumental para órgano e orquestra co tema da melodía tradicional do *Himnus Santi Iacobi*. Con esta antiga melodía quere crear unha ponte ideal entre o antigo canto dos peregrinos de onte e de hoxe. Esta música invita o pobo de Deus ao recollemento e á oración mentres se presentan o pan e viño para a celebración. Ao mesmo tempo, expresa o gozo de vivirmos xuntos a festa en honor do Apóstolo.

9. SANCTUS

Esta parte do ordinario da Misa é o canto mais importante dunha celebración litúrxica, porque como di sempre o prefacio: por iso, cos anxos, cos arcanxos e con toda a corte celestial cantamos sen cesar o himno da túa gloria: Santo, Santo Santo... Deste xeito unímonos (co noso canto) a realidade trascendental, pero non o noso modo, se non o seu, tal e como describe san Xoan no libro da Apocalise. Por iso no sanctus desta Misa altérnanse momentos solemnes con outros máis íntimos e contemplativos, como no *Benedictus,* onde a melodía gregoriana encomendada aos tenores está rodeada dunha nube luminosa, trascendental, e moi doce creada polas voces femininas e algúns instrumentos da orquestra.

Sanctus, Sanctus, Sanctus Dominus, Deus Sabaoth.	*Santo, Santo, Santo* *é o Señor Deus do universo.*
Pleni sunt cœli et terra gloria tua Hosanna, in excelsis.	*Enches o ceo e mais a terra coa túa gloria.* *Hosanna, no ceo.*
Benedictus qui venit in nomine Domini Hosana, in excelsis.	*Bendito o que vén no nome do Señor.* *Hosanna, no ceo.*

10. AGNUS DEI

O *Agnus Dei*, que emprega a melodía gregoriana, é un canto afectuoso ao manso Cordeiro, ao Año que leva sobre si os pecados do mundo. A asemblea responde ás invocacións do coro co "miserere nobis". A peza remata cun intenso subliñado das palabras "dona nobis pacem" repetidas polo coro, que dá voz ás aspiracións de paz dos homes do noso tempo.

Agnus Dei, qui tollis peccata mundi Miserere nobis. Agnus Dei, qui tollis peccata mundi Dona nobis pacem.	*Año de Deus que quitas o pecado* *do mundo. Ten piedade de nós.* *Año de Deus que quitas o pecado* *do mundo. Danos a paz.*

11. BEBIERON DEL CÁLIZ (ANTÍFONA DE COMUÑÓN)

Lembra o glorioso martirio do Apóstolo Santiago, que se expresa cunha melodía á vez solemne e íntima, capaz de subliñar o momento da comuñón eucarística no que se canta este canto. A antífona vai acompañada duns versos do Salmo 116 que lembran a preciosidade da morte dos que, como Santiago, morren dando testemuño da súa fe en Cristo.

Bebieron el cáliz del Señor,
se hicieron amigos de Dios
y fueron testigos fieles de Cristo.
Aleluya, aleluya.

¿Con qué pagaré al Señor
todo el bien que me ha hecho?
Alzaré la copa de la salvación
e invocaré el nombre del Señor.

Cumpliré mis votos al Señor
en presencia de todo su pueblo.
Qué difícil es para el Señor
la muerte de sus amigos.

Te ofreceré un sacrificio de alabanza
e invocaré el nombre del Señor,
cumpliré mis votos al Señor.

12. ITE MISSA EST. DEO GRATIAS.

Todas as celebracións rematan coa despedida *Ite missa est. Deo gratias*. Deste xeito, e en gregoriano, dáse por concluída a misa.

PARTE II

1. PACEM IN TERRIS

Para que exista paz no mundo non abonda unicamente coa ausencia de guerras. A verdadeira paz nace do corazón de cada home e muller. A verdadeira paz provén do Señor. Este canto inicia dun modo suave, pero remata cun berro: o berro da humanidade a Deus invocando a paz sobre a terra. A obra está inspirada na figura do papa Xoán XXIII e recibe o nome de *Pacem in terris* porque foi a última encíclica que publicou. Este tema converteuse tamén na banda sonora do filme *El Papa de la paz*.

Pace, sublime dono del Signore,
carezza dello Spirito.

Vieni sul mondo a consolare ogni uomo,
a risanare ogni cuore ferito dal peccato.

Pacem, Pacem,
dona nobis pacem in terris.

Paz, sublime don do Señor,
aloumiño do Espírito.

Ven ao mundo para consolar a todos,
a sanar os corazóns feridos polo pecado.

Paz, Paz,
danos a paz na terra.

2. ANIMA CHRISTI

Esta é unha das obras máis recoñecidas do compositor Marco Frisina. Trátase dunha melodía moi íntima cun texto da tradición difundido por santo Ignacio de Loiola. Esta oración de acción de grazas empregouse habitualmente despois da comuñón. Fainos gustar e meditar a nosa relación persoal con Xesús, que se entregou por nós.

Anima Christi, sanctifica me.
Corpus Christi, salva me.
Sanguis Christi, inebria me.
aqua lateris christi, lava me.

Passio Christi, conforta me.
O bone Iesu, exaudi me.
Intra vulnera tua absconde me.
Ne permittas a te me separari.
Ab hoste maligno defende me.
In hora mortis meæ voca me,
et iube me venire ad te,
ut cum sanctis tuis laudem te
per infinita sæcula sæculorum. Amen.

Alma de Cristo, santifícame.
Corpo de Cristo, sálvame.
Sangue de Cristo, embriágame.
Auga do costado de Cristo, lávame.

Paixón de Cristo, confórtame.
Oh, bo Xesús, óeme!
Dentro das tuas chagas, escóndeme.
Non permitas que me afaste de ti.
Do inimigo maligno, deféndeme.
E na hora de miña morte, chámame
e mándame ir a ti,
para que cos teus santos te alabe
polos séculos dos séculos. Amén.

3. LA VIA DEI MARTIRI

Compuxo esta obra con motivo do Gran Xubileo do ano 2000 en Roma. Describe na súa música o triunfo dos mártires, daqueles que deron testemuño da fe ao afrontaren a proba e a persecución. No comezo describe a dor e o sufrimento, ao que segue a esperanza que transforma a dor do pobo de Deus, converténdose así nun canto de alegría. Finalmente o coro canta o aleluia do triunfo pascual e a gloria dos mártires que se alegran con Cristo por sempre eternamente.

4. NADA TE TURBE

Na voz de dous solistas (mezzosoprano e tenor) e do coro, pon unha das oracións máis coñecidas de santa Tareixa de Ávila: "nada te turbe". Unha obra de profunda sensibilidade que vai *in crescendo* ata a aparición do coro que reafirma esta mensaxe de "solo Dios basta".

Nada te turbe,
nada te espante,
quien a Dios tiene
nada le falta.
Solo Dios basta.

Todo se pasa,
Dios no se muda,
la paciencia
todo lo alcanza.

5. O MAGNUM MYSTERIUM

Este antigo texto da tradición católica recorda o gran misterio que inundou a terra co nacemento de Xesús en Belén: Deus encarnado nun neno. Indicando tamén a importancia da benaventurada Virxe María como primeiro sagrario ao levar no seu seo a Xesús. A polifonía ao estilo antigo fai que nos acheguemos a este *mysterium* inefable.

O magnum mysterium,
et admirabile sacramentum,
ut animalia viderent Dominum natum,
iacentem in praesepio.
Beata Virgo, cujus viscera
meruerunt portare
Dominum Christum. Alleluia.

Oh, gran misterio,
e admirable sacramento,
que os animais viron o Señor nacido,
deitado no presebe.
Benaventurada a Virxe, cuxo ventre
foi digno de levar
a Cristo o Señor. Aleluia.

6. PARADISO, PARADISO

É o tema principal da película *Preferisco il Paradiso*, que trata sobre a vida de san Filipe Neri. É un dos santos máis extraordinarios da Igrexa, coñecido como "o santo da alegría" ou "o bufón de Deus", sempre entregado aos máis pequenos e pobres da época. O texto do retrouso recorda o momento no que lle ofrecen ser cardeal e el, tirando o capelo cardenalicio cara ao ceo, exclamou: *preferisco il Paradiso*. Por iso as estrofas fan mención ás cousas do mundo, para concluír en que só unha é importante: o Paraíso.

C'è chi ama la ricchezza	*Hai quen ama a riqueza*
e vestirsi come un re.	*e vestirse como un rei.*
C'è chi non vuol fare niente,	*Hai quen non quere facer nada,*
non gli va di faticar.	*non lles vai traballar.*
C'è chi parla sempre troppo,	*Hai quen sempre fala demasiado,*
non sa dir la verità.	*non sabe dicir a verdade,*
E poi critica ogni cosa,	*e despois critica todo,*
non c'è nulla che va ben.	*nunca lle vai ben nada.*
Ma per me, no non va,	*Pero comigo iso non vai,*
non è quel che piace a me.	*non é o que me gusta.*
Paradiso, paradiso,	*Paraíso, Paraíso,*
preferisco il Paradiso.	*prefiro o Paraíso.*
Paradiso, paradiso, paradiso.	*Paraíso, Paraíso, Paraíso.*
C'è chi crede d'esser grande,	*Hai quen cre que é grande,*
vuol salire fino al ciel,	*quere trepar ata o ceo,*
È fanatico e superbo,	*é fanático, soberbio,*
crede d'esser chissà chi.	*cre ser non sei quen.*
C'è chi sogna gran carriere,	*Hai quen soña grandes carreiras,*
grandi inchini ed i lacchè.	*profundas inclinacións e servos.*
Vuole sempre aver successo	*Quere ter éxito sempre*
ed onori in quantità	*e honores en cantidade.*
Ma per me no non va,	*Pero comigo iso non vai,*
non è quel che piace a me.	*non é o que me gusta.*
Paradiso, Paradiso,	*Paraíso, Paraíso,*
preferisco il Paradiso	*prefiro o Paraíso.*
Paradiso, Paradiso, Paradiso	*Paraíso, Paraíso, Paraíso.*

MARCO FRISINA, director

Naceu en Roma en 1954. É sacerdote, músico e compositor. Actualmente é mestre de capela da Catedral de Roma, San Xoán de Letrán e reitor da Basílica de Santa Icía no Trastévere.

Licenciouse en Letras na Universidade La Sapienza de Roma. Diplomouse en composición no Conservatorio di Musica Santa Cecilia en 1979. Entrou no Pontificio Seminario Romano Maior en 1978, superando os estudos teolóxicos na Pontificia Universidade Gregoriana. En 1982 ordenouse sacerdote. Despois disto obtivo a licenza en Sagrada Escritura no Pontificio Instituto Bíblico.

En 1988 foi nomeado mestre da Capela Musical Lateranense. Un pouco antes desta data, en 1984, decide formar un coro para as liturxias diocesanas máis importantes. Este coro converteuse no coro da diocese de Roma, unha realidade que se transformou nun camiño espiritual e cultural para a mocidade. Na actualidade, este coro está composto por máis de duascentas persoas.

En 1991 foi nomeado director do Departamento de Liturxia da Vigairía de Roma e tamén reitor da Basílica de Santa María en Montesanto, coñecida como a igrexa dos artistas, localizada na Piazza del Popolo. Neste mesmo ano colaborou no proxecto internacional *Biblia*, da Rai, como consultor e biblista e como autor das bandas sonoras.

Foi nomeado polo papa Xoán Paulo II, Académico Virtuoso Ordinario da Pontificia Insigne Academia de Belas Artes e Literatura dos Virtuosos do Panteón. En 1998 recibiu o Premio Banda Sonora del Ente del Espectáculo pola música d' *A Biblia Televisiva* e en 2002 obtivo o mesmo recoñecemento pola banda sonora do filme *San Xoán, a Apocalipse*. Compuxo numerosas bandas sonoras de películas con temática histórica e relixiosa realizadas pola Rai e Mediaset. Destacan especialmente: *Tristano e Isolda*, *Pompei*, *Puccini*, *Callas Onassis*, *San Pietro*, *Papa Luciani*, *Paolo VI*, *Giovanni Paolo II*, *Preferisco il Paradiso* etc. Tamén son numerosas as súas composicións sinfónicas e de cámara así como os cantos litúrxicos.

Na súa longa traxectoria compuxo numerosos oratorios que interpretaba habitualmente ante o papa Xoán Paulo II e, posteriormente, Bieito XVI. Entre os máis coñecidos están *Caritatis hostia*, dedicado a san Pío de Pietrelcina, *San Francesco de Assisi*, *Passio Cæciliæ* etc. Tamén abordou a ópera con éxitos como *La Divina Commedia*, *Catilina*, *In hoc signo*, estreada en Moscova, ou *Passio Christi*, estreada en Málaga coa colaboración de Antonio Banderas como narrador.

Por petición do papa Xoán Paulo II, compón o himno do Gran Xubileo de Roma no ano 2000, coñecido como *Cristo onte, hoxe e sempre*. Para a Xornada Mundial da Xuventude (JMJ) dese mesmo xubileo compuxo o que se convertería no himno oficial de todas as JMJ seguintes: *Jesus Christ you are my life*.

En 2003 é nomeado docente da Pontificia Università della Santa Croce. En 2004 da Pontificia Università Lateranense. Foi premiado e galardoado co Premio Internacional da Cultura Giuseppe Verdi, o Premio Nazionale Gentile da Fabriano do Ministerio de Cultura italiano; e tamén o Premio Giulia Ammannati.

A súa produción discográfica é extensísima, con preto de cincuenta discos, entre os que destacan as súas abundantes composicións de música sacra.

ORFEÓN TERRA A NOSA

O Orfeón Terra a Nosa de Santiago de Compostela foi fundado en 1966 polo padre franciscano frei Manuel Feijoo. Obtivo en dúas ocasións o 1º primeiro de Polifonía do Festival de Torrevieja, en 1974 e 1980. En 1984 asume a súa dirección Miro Moreira, que o dirixe ata outubro de 2021. Nese ano cede a batuta ó seu actual director, Mateo Iglesias Seoane. En 1992 concedéuselle por unanimidade o Premio da Crítica Galega como recoñecemento á súa rigorosa carreira musical, recibiu en 1994 por parte do Concello de Santiago de Compostela a medalla de prata ó mérito artístico da cidade.

Colabora na interpretación de repertorio sinfónico coral clásico e ópera con Xoven Orquestra de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia. Foi dirixido por batutas da talla de: Zedda, Colomer, V. P. Pérez, P. Daniel, R. Marbá, M. Spadano, W. Lacey, J. Kantorov, M. Zumalave, X. Trillo etc. Participou en xiras e en festivais internacionais con gran éxito da crítica en Alemaña, Inglaterra, Italia, Holanda, Bélxica, Portugal, Polonia e no Vaticano. En 1991 realizou unha xira polos principais teatros de Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia, Venezuela e Estados Unidos.

Pódese mencionar de entre a súa discografía a *Integral* de J. Rodrigo, 10 CD's de música tradicional galega, a *Missa Unum Deus* e *Réquiem* de Melchor López, la *Misa al Apóstol Santiago*, *Te Deum*, *Magnificat* e *Misa de Réquiem* de Juan Montes, *Música dos cantorais de polifonía da Catedral de Santiago*, *Villancicos* de Melchor López, *Stabat Mater* de Buono Chiodi, *Villancicos y obra relixiosa* de José de Vaquedano, *Himnos do Códice Calixtino,* compuestos por Santiago Tafall, a obra relixiosa de Ramón Palacio etc. Coincidindo co 50 aniversario da súa fundación, interpretou xunto coa Real Filharmonía de Galicia, o *Requiem* de G. Fauré, a *Novena Sinfonía* de Beethoven e a estrea absoluta da obra *Tempos Velados,* do compositor galego Abe Rábade.

MATEO IGLESIAS SEOANE
Director do Orfeón Terra a Nosa

Natural de Santiago de Compostela, asume a dirección do Orfeón Terra a Nosa en outubro de 2021, labor que compaxina coa de profesor de linguaxe musical e coro no CMUS de Ourense dende ese mesmo ano tras acceder, por oposición, ó Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas.

Realiza a súa formación como director, pianista e compositor nas cidades de Santiago, Oviedo e Manchester con mestres da talla de Aldo Ceccato, E. García Asensio, David Hill, Fernando Buide e José E. García Miranda.

Durante esta etapa, funda e dirixe a Orquestra Xuvenil Praeludium, agrupación coa que se realizou a estrea en Galicia da ópera infantil *Brundibar*, de Hans Krasa. Ademais, a súa permanente inquedanza por abordar novos proxectos permitiulle liderar ou manter estreitas colaboracións con agrupacións como a orquestra do CONSMUPA (coa que destaca a dirección do *Concierto para piano e orquestra nº1* de L. V. Beethoven), Royal Northern College of Music Orchestra, Berlin Runfunkchor, Banda Municipal de Santiago, Soncello Ensemble, Vox Stellae, Si Vis me Canere o la Coral de Caldas de Reis.

En canto á súa actividade como pianista, destaca o seu labor como acompañante da Escolanía da Catedral de Santiago desde o ano 2008 e a obtención do primeiro premio no concurso David Russell para novos talentos. Nos últimos anos, complementa a súa formación clásica con estudos de música moderna aplicados ó instrumento e colabora asiduamente co cantautor compostelán Luís Fercán, participando na gravación do seu último disco *Canciones completas desde una casa vacía*.

Estas experiencias levárono a actuar en icónicos lugares como o Auditorio Príncipe Felipe, o Auditorio de Galicia, o Teatro Afundación de Vigo, o Teatro Infanta Isabel de Madrid ou as catedrais de Santiago, Ourense e Mallorca.

ESCOLANÍA DA CATEDRAL DE SANTIAGO

A Escolanía da Catedral de Santiago foi refundada no ano 2008 por iniciativa do Cabido e, dende esta data, vén compaxinando en todo momento as súas actuacións regulares en actos litúrxicos dentro da catedral con concertos fóra do recinto catedralicio.

Ao longo da súa traxectoria interpretou obras como a 3ª *Sinfonía* de Gustav Mahler, *On Christmas Night* de Vaughan Williams, *Stabat Mater* de Pergolesi, *Der Schulmeister* de Telemann y *O Crebanoces* de Piotr Illich Tchaikovski. Actuou con orquestras como a Real Filharmonía de Galicia, con directores como Paul Daniel e Maximino Zumalave, e con cantantes como Claudia Huckle, Mercedes Hernández, Antonio Fajardo, María Altadill e Eliseu Mera. Así mesmo, cantou con grupos de moita sona como Resonet, dirixidos por Fernando Reyes, interpretando as *Cantigas de Sta. María* de Afonso X O Sabio, e colaborando na gravación do disco *A Chacona, a canción de Santiago*; en festivais como o de Músicas Contemplativas, na programación cultural da Semana Santa de Viveiro e no festival internacional Peregrinos Musicales; con agrupacións como a Banda Municipal de Santiago, dirixidos por Casiano Mouriño, a Banda Xuvenil da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla, dirixidos por Fernando Rey Iglesias, a Orquestra Praeludium, dirixidos por Mateo Iglesias, e a Orquestra da Universidade de Santiago, dirixidos por Mario Diz. Cabe salientar tamén a súa actuación na visita do papa Bieito XVI a Santiago, así como a súa participación no acto de celebración do 50 aniversario da Cadena COPE en Galicia.

É destacable a súa representación da ópera *Brundibar*, do checo Hans Krasa, sendo Cándido Pazó o director de escena e monologuista, e a súa actuación co cantante Amancio Prada, interpretando o seu *Cántico Espiritual* (letra de san Xoán da Cruz).

Compartiu escenario con coros como o da Comunidad de Madrid, os Nenos Cantores da Sinfónica de Galicia, o Georgia Boy Choir (Atlanta, EE.UU.) e a Escolanía de Lluc (Mallorca). Actuou en lugares como o Auditorio de Galicia, a Catedral de Mallorca, a Catedral de Ourense, a Concatedral de Ferrol, o Monasterio de Lluc (Mallorca), o Teatro Afundación (Vigo), o Teatro Principal (Santiago), en varios programas da TVG e con grupos como o coro *Música en mis manos* (Teo) (caracterizándose este polo emprego da linguaxe de signos nas súas actuacións), así como en diversos concertos benéficos e certames.

É o coro anfitrión do tradicional Concerto de Nadal que se celebra na Catedral de Santiago, patrocinado polo Banco Sabadell Gallego.

Na celebración do seu 5º aniversario publicou o que, ata agora, é o seu único disco, *A la Puerta del Paraíso*, no cal se mostra o traballo realizado nese período.

O coro, que na actualidade está formado por uns 35 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 9 e os 17 anos, é dirixido dende a súa fundación por José Luis Vázquez, director, así mesmo, dos Nenos Cantores da Sinfónica de Galicia e do Coro Cardeal Quiroga da Catedral de Santiago, pretende ser un verdadeiro centro de canto coral e lugar de formación tanto musical como de novas voces.

JOSÉ LUIS VÁZQUEZ
Director da Escolanía da Cateral

O seu contacto coa música comeza ao ingresar no Orfeón Terra a Nosa, dirixido polo padre Manuel Feijoo Sousa. Tras obter a licenciatura en Ciencias Químicas, cursa os seus estudos musicais no Conservatorio de Santiago de Compostela. Ingresa no Collegium Compostellanum, agrupación fundada e dirixida por Maximino Zumalave e, posteriormente, faino no Coro Universitario de Santiago, dirixido por Juan Carlos Dorgambide, onde desenvolve as funcións de profesor de técnica vocal.

Realizou os seus estudos de canto coa soprano Ana Higueras, así como con Félix Lavilla e Fernando Turina. Ademais, fixo cursos como a International

Bachakademie e Música en Compostela, con profesores como: Aldo Baldin, Andreas Schmidt e María Orán.

Na actualidade, e dende a súa refundación (2008), é o director da Escolanía da Catedral de Santiago, así como do Coro Cardeal Quiroga (Catedral de Santiago), tamén dende a súa fundación en 2015. Así mesmo, dirixe o Coro Infantil da Orquestra Sinfónica de Galicia e forma parte do coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, do cal foi o seu subdirector ata o ano 2015, e dirixíndoo no extinto Festival Mozart en representacións como o *Così fan tutte*, de Mozart, baixo a dirección de Víctor Pablo Pérez.

Dentro da súa faceta como cantante solista, interpretou obras como o *Requiem* (Mozart), *Stabat Mater* (Haydn), *Requiem* (Fauré), *Petite Messe Solennelle* (Rossini), *Misa da Coronación* (Mozart); fíxoo tamén en óperas como *O esquío esperto* (Camarlengo) (Festival Mozart, nunha adaptación feita ao galego por Joam Trillo e Antonio Gil da ópera *Lo scoiattolo in gamba* de Nino Rota), *La fille du Règiment* (Donizetti), *Don Pascuale* (Donizetti), na zarzuela *Cádiz* (Chueca e Valverde) e en *La flor del agua* (Conrado del Campo); con directores como Maximino Zumalave, Víctor Pablo Pérez, James Ross, Joan Company e Massimo Spadano; con orquestras como a Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia; e con coros como o da Sinfónica de Galicia, Orfeón Terra a Nosa, Collegium Compostellanum, Coro Universitario de Santiago e co Orfeón Universitario de Palma de Mallorca.

SCHOLA ANTIQUA

Dende a súa fundación en 1984 polo beneditino don Laurentino Sáenz de Buruaga (+2018), Schola Antiqua dedícase ao estudo, á investigación e á interpretación da música antiga e, en especial, do canto gregoriano. Todos os seus compoñentes formáronse como nenos de coro da Escolanía de Santa Cruz del Valle de los Caídos, centrando o seu repertorio na monodia litúrxica occidental, así como na polifonía da Ars Antiqua e Ars Nova e nas interpretacións alternatim con órgano (Montserrat Torrent, Roberto Fresco, Andrés Cea, Óscar Candendo, Javier Artigas, José Luis González Uriol, Raúl del Toro, Bruno Forst, Jan Willem Jansen, Lucie Žáková…) e con conxuntos vocais e instrumentais (La Colombina, Ensemble Plus Ultra, His Majesty's Sagbutts and Cornetts, La Grande Chapelle, Ensemble Baroque de Limoges, La Capilla Real de Madrid, Ministriles de Marsias, The English Voices, La Venexiana, Alia Musica, Orquesta Barroca de Venecia, The Tallis Scholars, Ensemble Organum, Tenebrae, Artefactum, La Madrileña, Coro Victoria, Capella Prolationum & La Danserye etc.). Actuou en numerosos festivais en Europa, Estados Unidos, Centroamérica, Próximo Oriente e no Xapón.

A súa discografía inclúe rexistros dedicados ó canto mozárabe, ó canto gregoriano e reconstrucións históricas da polifonía dos séculos XV-XIX coas agrupacións antes mencionadas. En 2012 realizou unha serie de gravacións en cámara anecoica dentro dun programa de arqueoloxía acústica en

colaboración co CSIC e o Departamento de Enxeñería Acústica do Institute of Technical Acoustics da Universidade de Aquisgrán para reconstruír sinais musicais en entorno anecoico para recrear de forma virtual o son do Antigo Rito Hispánico.

Estreou a obra *Acrópolis* do compositor Jesús Torres, e xunto ao Ensemble Organum o *Libro de Leonor* de José María Sánchez Verdú, e xunto ao Ensemble Opus21musikplus, a obra *Paharión* de Konstantia Gourzi. Participou na estrea do *Cuaderno Persa* de Santiago Lanchares xunto ao grupo Artefactum. Participou no Festival de Música Sacra de Bogotá e nun ciclo de concertos na Capela Palatina de Aquisgrán. En 2018 xunto a La Madrileña e ao Coro Victoria participou na gravación do *Requiem* de José de Nebra e en 2019 xunto a *La Grande Chapelle* gravou unha versión completa do *Officium Defunctorum* de Tomás Luis de Victoria. Con motivo do 4º centenario da morte do compositor Sebastián de Vivanco (†1622) gravou unha selección da súa obra xunto ao Ensemble Plus Ultra e La Danserye. Schola Antiqua non esquece a participación nas celebracións litúrxicas como contexto xenuíno da monodia, tanto gregoriana como hispánica.

JUAN CARLOS ASENSIO
Director da Schola Antiqua

Comeza os seus estudos musicais na Escolanía de Santa Cruz del Valle de los Caídos que despois continuará no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. É colaborador do Répertoire International des Sources Musicales. Publicou distintos traballos en revistas especializadas xunto a transcricións do *Códice de Madrid* y do *Códice de Las Huelgas* e unha monografía sobre *El Canto Gregoriano* para Alianza Editorial. Colaborador do Atêlier de Paléographie Musicale da Abadía de Solesmes, foi profesor de musicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Salamanca e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Na actualidade é profesor de musicoloxía na Escola Superior de Música de Catalunya. Dende 1996 é director de Schola Antiqua, e dende 2001 membro do Consiglio Direttivo de la Associazione Internazionale Studi di Canto Gregoriano, investigador asociado do CILengua, membro do grupo de estudo Bibliopegia, editor da revista *Estudios Gregorianos* e membro de número da Academia San Dámaso de Ciencias Eclesiásticas. Dende 2014 é director, guionista e presentador do programa de Radio Clásica de RTVE Sicut Luna Perfecta, dedicado ao canto cristián litúrxico.

LOLI PAMPÍN
Mezzosoprano

Eva María Dolores Pampín Iglesias (Loli), mezzo/contralto, nace en Santiago de Compostela e comeza a súa vida musical en 1984, recibindo clases de música e canto da man de Miro Moreira ao se incorporar ao Orfeón Terra a Nosa, do que segue formando parte na actualidade. Catro anos máis tarde, en 1988, únese ao coro de capela da Catedral de Santiago ata a súa clausura.

Ao longo destes anos, colabora co Coro da Universidade de Santiago de Compostela, participando en programas como contralto solista e, na actualidade, é integrante do Coro de Cámara Si Vis Me Canere e da Capela Antiga. A súa última participación como solista foi no proxecto Son de contos, xunto co Orfeón Terra a Nosa e coa Banda municipal de Santiago de Compostela, no Auditorio de Galicia en novembro de 2022.

CHEMA ARES
Tenor

Naceu en Lugo e vive en Santiago de Compostela dende o ano 2002, onde rematou os seus estudos de grao profesional de piano e canto. É diplomado en Maxisterio Musical e Primaria na USC, onde comezou a producir proxectos musicais, como a canle de Youtube Xoglares. Comezou a súa traxectoria coral e solista en diferentes formacións musicais de afeccionados e de profesionais.

Especializado en música renacentista e barroca, participou como tenor solista en multitude de concertos e gravacións discográficas de ópera, misas e oratorios con agrupacións como o Orfeón Terra a Nosa, o Coro Universitario da USC, o Grupo de Cámara da Capela Compostelana, a Capela Musical da Catedral de Santiago, Vox Stellae e o Coro da Sinfónica de Galicia, entre outras. Fixo varios concertos por toda Galicia, Barcelona, Madrid, Cartaxena, Asturias, León, Nova York, Washington, París, Saint-Malo. Tamén participou na BSO d´ *O Apóstolo*, así como en obras inéditas de Abe Rábade coa RFG; *Contos infantís* coa Banda Municipal de Música de Santiago; Carlos Núñez e Jordi Savall con Hespérion XXI; *Ordo Prophetarum* de ACTUS; *Misa Criolla de Ariel Ramírez* con Juan Carlos Cambas, e óperas como *Tosca*, *O Barbeiro de Sevilla*, *As vodas de Fígaro* ou a primeira ópera galega de Fernando Buide: *A amnesia de Clío*.

ADRIÁN REGUEIRO
Organista

Santiago de Compostela, 1989. Estudou Piano no CPMUS de Santiago, e posteriormente órgano no CPMUS de Ourense con Marisol Mendive, así como o Grao Superior de Órgano na ESMUC (Barcelona) cos mestres Óscar Candendo y Juan de la Rubia.

Ten dado concertos de órgano en diversas igrexas de Santiago, Ourense e Portugal, entre os que cabe destacar o concerto para o daquela príncipe xaponés (actual emperador) con motivo do ano dual O Xapón-Santiago ou o concerto organizado pola Fundación Barrié: Os instrumentos do Pórtico da Gloria.

Dende 2012 é organista da Catedral de Santiago de Compostela. Como músico acompañante, forma parte do grupo Sar Ensemble, con quen participou na Semana de Música Antigua de Álava, e colabora coa Capella Finisterrae. Ten acompañado a diversos músicos da Real Filharmonía de Galicia, ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, así como a numerosos artistas, destacando a mezzo-soprano francesa Beatrice Urie Monzon ou o quinteto Hércules Brass.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Formada por 50 músicos de diferentes nacionalidades ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Paul Daniel é, dende 2013 ata finais deste ano 2022, o director titular e artístico da formación, ao que sucederá Baldur Brönnimann nesta tarefa. Maximino Zumalave é o director asociado e, dende o ano 2020, Joana Carneiro incorpórase como principal directora invitada.

Os obxectivos da RFG céntranse en difundir a música clásica en todo o territorio galego, buscando sempre as máis altas cotas de excelencia artística a través da colaboración con directores/as e instrumentistas do máis alto nivel e cun firme compromiso na estimulación do talento e na formación musical dos nenos e da mocidade. Coa orquestra colaboran de xeito habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical actual.

A RFG vén sendo xestionada polo Consorcio de Santiago. A RFG está financiada pola Administración General del Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

ORGANIZA:

CATEDRAL
DE SANTIAGO

COLABORA:

Deseño e notas: Óscar Valado Domínguez
Corrección ortográfica: Carlos Lema Salvado